

CENTRO TECNOLÓXICO GALEGO DE ACUICULTURA



Situación: Punta de Couso s/n
15965 RIBEIRA (A Coruña)
Teléfono: 981 841 600
Fax: 981 841 516
www.cetga.org
secretaria@cetga.org



O CETGA foi constituído no ano 2001 como Centro Tecnolóxico do Cluster de Acuicultura de Galicia, que é unha asociación de empresas sen ánimo de lucro. Este Centro foi creado para levar a cabo a investigación e desenvolvemento das tecnoloxías requiridas pola acuicultura galega para continuar como líder mundial en tecnoloxía e produción de especies de peixes planos, como o rodaballo.

O obxectivo do CETGA é deseñar e dirixir liñas de I+D que favorezan o desenvolvemento do sector da acuicultura en Galicia e fortalecer a competitividade das empresas no escenario internacional a medio e longo prazo. O Centro promove a investigación e o uso de novas tecnoloxías para estimular os avances no coñecemento da acuicultura.

Recursos humanos

O persoal do Centro está formado por un total de 21 traballadores, entre persoal científico (4 doutores e 7 titulados superiores), técnico e administrativo.

Organización / Áreas de traballo

O modelo organizativo do Centro está encabezado pola Xunta Directiva, na que participan os Directores de I+D das empresas do Cluster. Dependendo directamente dela está a Dirección do CETGA, encargada da xestión das diferentes áreas de traballo: Patoloxía, Nutrición, Hatchery, Novas especies, Medio Ambiente, Calidade e automatización e Biotecnoloxía.

Instalacións / Equipamento

O Centro está deseñado como unha planta piloto, de 7345 m², con unha capacidade para cultivar ata 30 Ton de peixes, e que dispón de todas as súas unidades de produción, mantemento de reprodutores, Hatchery, Nursery e engorde. Ademais, dispón de 5 laboratorios: Análise Químico, Cromatografía, Parasitoloxía, Patoloxía e Preparación de Mostras, equipados con todo o material necesario, como cabinas de seguridade biolóxica, incubadores, HPLC, cromatógrafo de gases, espectrofotómetros, etc.

Servizos

O CETGA ofrece unha variedade de servizos relacionados coas diferentes áreas de traballo que posúe. Así, realízanse, fundamentalmente, análises microbiolóxicos e parasitolóxicos, estudos inmunolóxicos, análises de calidade de augas, e de investigación e innovación en procesos tecnolóxicos no ámbito da acuicultura.



Proxectos destacados

- “3E ACUIC (ECOINNOVACIÓN, ENERXÍA E EMPREGO PARA O SECTOR ACUÍCOLA)”. Ministerio de Medio Ambiente Medio rural e Mariño.
- “Tratamento e aproveitamento de subprodutos e residuos”. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- “Novos métodos para o control e prevención da furunculose e flexibacteriose”. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- “Estudo do cultivo larvario de linguado común (solea solea) en Galicia”. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- “Novo desenvolvemento dunha vacina fronte a *Philasterides* sp. para a súa aplicación en alevíns de rodaballo”. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- “Deseño dun novo calendario de vacinación para o rodaballo con vacinas polivalentes”. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- “Estudio de biomagnificación dos PCBs non similares ás dioxinas en produtos acuícolas”. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

- Plataforma Tecnolóxica Galega de Acuicultura.
- Consellería de Innovación e Industria e os Clusters Industriais de Galicia.
- Universidade de Santiago de Compostela.
- INTECMAR: Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia.
- CENAVISA.
- Proaqua Nutrición S.A.

Acreditacións e certificacións

O Centro está acreditado pola Norma UNE-EN-ISO 14001 e polo Regulamento EMAS de Xestión Medioambiental.

Propiedade industrial

O Centro dispón dunha patente en colaboración coa USC para a preparación dunha vacina anti-*Philasterides dicentrarchi* (Nº P200700172).

Tamén dispón dun acordo de titularidade entre a USC, o CSIC e o Centro, relativo a patente do programa informático/base de datos: Turbot EST Database.

